

## Hórreo do arco de Castro



Imaxe: Concellería de Cultura e Patrimonio | Concello de Dodro

### Descrición

Tamén coñecido como "do Arco" ou "Pontello", está localizado no centro da aldea de Castro.

Magnífico exemplar de hórreo mixto, tanto por tamaño como, sobre todo, por factura. A cimentación é unha espectacular repisa de perpiaño de granito, de gran altura e coa particularidade de presentar no centro un gran arco de medio punto, a xeito de pasadizo, para deixar paso aos carros co millo. Este pasadizo daba a un pequeno curral interior que servía de acceso ao propio hórreo e a outras dependencias e servía de parapeto defensivo. Non ten soportes, asentando o tornarratos directamente sobre a repisa. O tornarratos é corrido ao longo do corpo de todo o hórreo. Ten catro claros, con balaústres de madeira e dúas cintas, coa madeira reforzada no terceiro claro. Ten as portas de acceso no lateral sur, de madeira. Non ten linteis. As columnas son de pedra e a cornixa de madeira. Os dous penais son de perpiaños de granito, sen ventilación. Ten sobrepenas nos dous pinches, ambos de pedra. Cubrición de tella do país sobre armazón de madeira. Non conserva os remates. Orientado ao L-W. Na parte interior (lateral sur) están as escaleiras de pedra para

subir ás portas de cada claro, acceso facilitado por unha gran lousa de pedra. Debaixo das escaleiras había un alpendre doméstico. Mide 8 metros de longo, 3 de ancho e 3 de alto.

Data, aproximadamente, do ano 1750. Hórreo que presenta peculiaridades moi salientables, como o pasadizo na plataforma. Formidable exemplo pétreo que, pola aparencia, indica a súa potencia económica Vinculado á figura de [Xan Quinto](#), famoso bandoleiro do Araño de comezos do século XX.

INFORMACIÓN	
<b>TIPOLOXÍA</b>	Arqueoloxía
<b>CRONOLOXÍA</b>	1860
<b>CONCELLO</b>	Dodro
<b>PARROQUIA</b>	San Xoán de Laíño
<b>REFERENCIAS</b>	Traballo de inventariado feito por Beatriz Pereiras en 2010 (Nº 214) Concello de Dodro ( <a href="https://www.facebook.com/media/set/?vanity=concellodedodro&amp;set=a.3676184812419206">https://www.facebook.com/media/set/?vanity=concellodedodro&amp;set=a.3676184812419206</a> )  Sendeiros de Dodro ( <a href="https://www.wikiloc.com/wikiloc/user.do?id=1861432">https://www.wikiloc.com/wikiloc/user.do?id=1861432</a> )  Historia de Galicia ( <a href="http://historiadegalicia.gal/2020/01/o-concello-de-dodro-restaurara-o-horreo-do-arco-do-castro-un-canastro-unico-en-galicia/">http://historiadegalicia.gal/2020/01/o-concello-de-dodro-restaurara-o-horreo-do-arco-do-castro-un-canastro-unico-en-galicia/</a> )

XEOLOCALIZACIÓN	
<b>COORDENADAS</b>	42.719623060942 , -8.7206320315359



\* Información obtida da páxina web [obaixoulla.gal](http://obaixoulla.gal). Xeolocalización a partir da información de [mapas.xunta.gal](http://mapas.xunta.gal).